

A «norma» do Bloque e do PSdeG-PSOE

XESÚS ALONSO MONTERO

NON fai falta ser politólogo para sabermos, con certa aproximación, cal vai se-lo comportamento ideolóxico e técnico do Partido Popular nas distintas áreas da vida e da realidade galegas despois do 19 de outubro, pois deste partido, ademais de coñecérmo-los seus textos (os seus libros, as súas biblias), coñecemos con precisión a súa actuación gobernante na Sanidade, na Cultura, no Ensino... e coñecemos tamén a súa Política Lingüística.

Agora ben, se vence electoralmente outra opción (ou outras opcións), nin os mellores politólogos saben cal vai se-lo comportamento político e técnico nunha área tan importante —e tan extraordinariamente delicada— como a área da(s) Lingua(s), e non o saben porque o Bloque e o PSOE nunca gobernaron en coalición na Xunta de Galicia.

Todo fai supoñer, sen embargo, que nes-

te delicadísimo territorio do noso tecido espiritual o Bloque pode —e debe— formula-las primeiras definicións, pois sabido é que o PSOE de Galicia (case todos os seus dirixentes), nestas cuestións, cando non é reticente, é amorfo. Persoas tan distantes do Bloque deberían matizar esas «primeiras formulacións», colaboración que non sería un desdoro para ningunha formación política. Refírome, por outra parte, a un colectivo universitario ó que pertencen algúns dos profesionais máis sabios en Lingüística galega desde hai bastantes anos, e desde esas datas tan comprometidos coa causa da Lingua como Ánxel Casal e Castelao. Por se fose pouco, terían, neste sutil cometido, a prudencia —e a esixencia— dos sabios.

Hoxe por hoxe o Bloque —que parece que xa non postula o lusismo—, ofrece, en importantes publicacións súas e nos escri-

tos de significativos dirixentes seus, un alarde —digno de mellor causa— de polimorfismo e heterografías. Se, despois do 19 de outubro, continúan nesta *riqueza*, non só se produciría unha grave fractura no universo de cultores e defensores do galego, senón que levaría o desconcerto e o desánimo ó alumnado e ó profesorado de centos e centos de centros escolares, territorio moi importante para o porvir do galego e onde os éxitos —cando os houbo— teñen sido cativos.

Cómpre ter en conta que a *norma* (a gráfica, a morfolóxica e a culta do noso idioma) non é a norma de Fernández Albor, nin de González Laxe, nin de Fraga Iribarne, nin de Abel Caballero; é a norma establecida e proposta polos mellores lingüistas nosos, intérpretes correctos sempre (ou case sempre) do xenio e das peculiaridades da Fala.